



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 04 DE MAIO DO 2023.**

Sesión 06/2023-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mourinho Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D^a María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D^a María José García Freire (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (non adscrito) D. Ramiro Blanco Montero (non adscrito) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTE</u></p> <p>D^a María Pardo Fafián (PSOE, con escusa)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Pesas Beneyto</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 04 de maio do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno extraordinario e urxente.

1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, xustifica os motivos da urxencia da sesión.

Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 non adscritos.



- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: non se produciron.

Téndose por producido un empate entre os votos dos asistentes, procédese a efectuar unha segunda votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 non adscritos.
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: non se produciron.

Ao persistir o empate, resulta aprobada a urxencia polo voto de calidade da Presidencia.

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO RESTRINXIDO DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E O CENTRO DEPORTIVO ONDE SE SITUÁ.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía do 02 de maio do 2023, que recolle:

«Proposta de aprobación do expediente de contratación por procedemento restrinxido da Concesión do servizo de xestión da piscina municipal e o centro deportivo onde se ubica

Visto o expediente tramitado para a contratación por procedemento restrinxido da Concesión do servizo de xestión da piscina municipal e o centro deportivo onde se ubica, que se fundamenta na carencia de medios propios do Concello para a prestación destes servizos e a inconveniencia de adquirilos por resultar antieconómico.

Achados conformes o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas redactados ao efecto, nos que se determina o obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir; vistos os informes emitidos e considerando que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento restrinxido da Concesión do servizo de xestión da piscina municipal e o centro deportivo onde se ubica, cun orzamento base de licitación de 242.000,00 € (IVE incluído) e un valor estimado de 4.636.806,56 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adjudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á partida 342.22799 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de solicitudes de participación durante o prazo establecido no prego.

5º.- Designar como responsable do contrato a Juan José Devesa Leira, Técnico de Deportes Municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares, e darlle traslado deste acordo.

6º.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: Andrés Varela Parafita, Arquitecto Municipal, ou quen se nomee en substitución

Vogais:

Mª del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación, ou quen se nomee como accidental

Jaime Presas Beneyto, Interventor, ou quen se nomee como accidental

Secretario: un funcionario adscrito á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez

7º.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde a posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se podan poñer de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre».

Logo de lle dar lectura á proposta, a secretaria dá conta de terse advertido un erro no anexo *segundo* dos pregos, consistente en que onde di “*renovar completamente a superficie na sala fitness*”, no apartado primeiro, ten que se completar co seguinte texto: “*tal e como se describe no informe do arquitecto (técnico) municipal*”.



Intervén o sr. Portela Fernández (SM), solicitando a retirada do punto da orde do día.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, posterga votar sobre deixar o punto sobra a mesa ao remate do debate; tamén escusa a ausencia da concelleira María Pardo Fafián (PSOE).

Debátase o asunto, coas intervencións do sr. Blanco González (na), quen expresa agradecementos polo esforzo realizado para poder traer este asunto á consideración polo Pleno; da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen solicita tamén que se deixe o asunto enriba da mesa e que de non se facer anuncia que non apoiarán a súa aprobación, polas razóns que esgrime, en definitiva considerando que o asunto é importante pero non da urxencia que se lle quere imprimir senón polo contrario que require dunha revisión pausada que entende que non cómpre facer neste tramo xa final do mandato, o que di que tamén permitiría considerar levar a cabo unha xestión de administración directa, e critica tamén o procedemento restrinxido empregado así como que non houbera unha comisión informativa para os efectos; do sr. Portela Fernández (SM), quen como xa anunciara antes tamén entende que o asunto debe quedar enriba da mesa case que polas mesmas razóns expresadas pola sra. Rodríguez e ademais e moi especialmente por un presunto incumprimento dos custes salariais convidados publicados no DOG do 30 de marzo do 2023, sobre o que entende que deberan pronunciarse antes os habilitados nacionais; da presidenta, sra. Nogareda Marzoa, a que logo outorga tamén o uso da palabra ao interventor municipal, quen dá unha explicación para os efectos, indicando en síntese que aínda que é certo que unha suba salarial non prevista no estudio de viabilidade contratado externamente podería levar a unha inviabilidade da concesión que, de ser o caso, faría imposible a súa contratación, non é menos certo que no prego de cláusulas administrativas está prevista unha revisión anual de prezos na que se recolle como un dos factores a revisar precisamente unha cantidade en función da suba que poidan ter as retribucións do persoal en relación co previsto no estudio de viabilidade, como mecanismo de re-equilibrio, indicando que estas modificacións poden producirse en calquera momento, entendendo que neste caso produciuse a suba entre a elaboración do estudio de viabilidade e a presentación da documentación do expediente para a súa aprobación polo Pleno; novamente do sr. Portela, en réplica do antedito insistindo nas consecuencias de responsabilidade de seguir adiante a sabendas do feito da aprobación previa do dito convenio publicado no DOG do 30 de marzo do 2023 e aportando outros argumentos para xustificar o rexeitamento do asunto polo que considera máis erros, omisións ou contradicións na documentación do expediente; da sra. García Freire (na), polo contrario na defensa da oportunidade da súa aprobación, facendo comentarios críticos á xestión do sr. Portela cando era alcalde; outra vez da presidenta, sra. Nogareda, quen logo de preguntar ao sr. Portela se conta con algún informe técnico no que se basear que avale que os cálculos dos custes de persoal non estean ben efectuados debate con el intercambiando argumentos e reproches mutuamente, concluíndo en que dende o seu equipo de goberno están a actuar ao abeiro das indicacións ou directrices técnicas e con toda a celeridade que sexa posible.

A continuación procédese a votar a retirada do asunto da orde do día da sesión, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 8 non adscritos.
- Abstencións: non se produciron.

Téndose por producido un empate entre os votos dos asistentes, procédese a efectuar unha segunda votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 8 non adscritos .
- Abstencións: non se produciron.

Ao persistir o empate, resulta rexeitada a proposta de retirada do asunto polo voto de calidade da Presidencia.

Seguidamente, procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 non adscritos.



-
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
 - Abstencións: non se produciron.

Téndose por producido un empate entre os votos dos asistentes, procédese a efectuar unha segunda votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 non adscritos.
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: non se produciron.

Ao persistir o empate, resulta aprobado polo voto de calidade da Presidencia o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento restrinxido da Concesión do servizo de xestión da piscina municipal e o centro deportivo onde se sitúa, cun orzamento base de licitación de 242.000,00 € (IVE incluído) e un valor estimado de 4.636.806,56 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á partida 342.22799 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de solicitudes de participación durante o prazo establecido no prego.

5º.- Designar como responsable do contrato a Juan José Devesa Leira, Técnico de Deportes Municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares, e darlle traslado deste acordo.

6º.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: Andrés Varela Parafita, Arquitecto Municipal, ou quen se nomee en substitución

Vogais:

Mª del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación, ou quen se nomee como accidental

Jaime Presas Beneyto, Interventor, ou quen se nomee como accidental

Secretario: un funcionario adscrito á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez

7º.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde a posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se podan poñer de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 40 minutos do día xoves 04 de maio do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000006

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).